UNIDADE DIDÁCTICA: O CONTO

1.XUSTIFICACIÓN

Con esta unidade didáctica preténdese que os nenos poidan crear contos de xeito que perdan o medo a redactar.

2.NIVEL

Esta unidade didáctica vai dirixida a nenos do segundo ciclo de Educación Primaria, concretamente de 3º curso, con idades comprendidas entre os 8 e 9 anos de idade.

3. TEMPORALIZACIÓN

Levarase a cabo nas dúas primeiras semanas do mes de marzo, antes das vacacións de Semana Santa. Deste modo constitúe a última unidade didáctica do segundo trimestre do curso. Estará programada para 8 sesións de 60 minutos, cada unha.

4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS XERAIS

Dentre tódolos obxectivos xerais da área de lingua galega e literatura recollidos no Decreto de currículo polo que se establecen as ensinanzas correspondentes á Educación Primaria encóntrase íntimamente relacionado co noso centro de interese:

Artigo3º b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

5. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS ESPECÍFICOS

-Ler e comprender textos narrativos, contos.

-Coñecer os diferentes xeitos de recompilación de información.

- Aprender estratexias para a redacción: manexo de borradores.

- Coñecer a estrutura dun conto: introdución, nó e desenlace.

- Coñecer e utilizar o diccionario para ampliar vocabulario: palabras sinónimas e antónimas.

-Comprender a utilización adecuada da ortografía.

-Confeccionar un conto con ilustraccións.

-Encadernar o conto como presentación final ao público.

6. COMPETENCIAS TRABALLADAS

Este traballo ten como núcleo central o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística.**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. Como obxectivos desta competencia lingüística escollemos como principais:

* Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

* Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

Ademais de axudar ao desenvolvemento nesta competencia tamén se traballarán aspectos doutras:

No relativo **ao tratamento da información e competencia dixital** farase uso da internet e a selección de información adecuada, xa que algúns alumnos buscarán diferentes tipos de contos. Tamén farase uso de programas como o word para pasar os contos inventados.

Axudarase tamén ao desenvolvemento da **competencia cultural e artística** valorando o resultado final e traballando coas ilustracións e encadernacións.

Pero sen lugar a dúbidas, despois da competencia en comunicación lingüística, as competencias para **aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal** serán unhas das máis traballadas e reforzadas. Intentarase acadar actitudes positivas cara o esforzo persoal e un gusto por aprender e facer as cousas ben. Mostrar regularidade e constancia no traballo e usar diversas fontes e recursos de información.

Os nenos mostrarán iniciativas e ideas propias, integraranse en proxectos de traballo en equipo e sobre todo valorarán a colaboración e o traballo cooperativo en proxectos.

7. CONTIDOS

- Recompilación de información.
- Estratexias de narración: o borrador.
- Os contos e a súa estrutura.
- Características dos contos.
- O conto e a súa estrutura: introdución, nó e desenlace.
- A ilustración.
- A competencia dixital e o tratamento da información.

- Narración de secuencias temporais.

- Ortografía.

- Gramática.

- Presentación dun traballo: encadernación.

8. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas. Como a adquisición da lingua se leva a cabo a través da interacción con outras persoas, a aula debe ser un lugar de convivencia onde todos sintan a necesidade de comunicarse, un lugar onde cooperar, participar e confrontar coñecementos cos compañeiros, debe ser un lugar onde se fomente o intercambio. O código oral e escrito practicarase en contextos comunicativos reais e funcionais nos que se participe activamente, con textos orais, auténticos e completos e nun clima de intercambio, análise, reflexión e investigación.

9. ACTIVIDADES

Comezaremos vendo algúns dos diversos xéneros literarios: poesía, teatro, narrativa.

A continuación centrarémonos na narrativa, en particular nos contos. Primeiro veremos as tres partes que conteñen: introdución, nó e desenlace.

O seguinte paso será elaborar o noso propio conto. Comezaremos cas estratexias de narración, fórmulas da escrita á hora de crear un conto.

Traballaremos as técnicas para expresar a secuencia: palabras como primeiro, despois, ao final, por último…

Primeiro hai que definir:

-Cal é a acción que imos narrar.

-Decidir que personaxes intervendrán, a súa forma de ser e actuar.

-A relación entre os personaxes: amizade, rivalidade, etc.

Despois hai que organizar a historia en partes: presentación, nó e desenlace.

A continuación, situaremos a acción no espazo e no tempo.

Finalmente precisaremos nun borrador, como narraremos a historia, sen olvidar de intercalar as descripcións e diálogos para que pareza máis real e emocionante.

Un breve exemplo de explicar a historia (presentación, nó e desenlace) sería a seguinte:

Presentación: Unha noite a Lúa deixa de saír.

Nó: Un grupo de amigos deciden ir vela para saber o que lle aconteceu e as aventuras que viven os amigos no espazo.

Desenlace: Liberan á Lúa e todo volve a normalidade.

Coa elaboración deste conto traballaremos, como é lóxico, aspectos moi importantes da ortografía e da gramática:

- Verbos: pasado-presente-futuro.
- Adverbios rematados en –mente.
- Adxectivos
- Signos de interrogación e de admiración.

Como en todo conto que se precie será necesario ilustralo. Para esta labor utilizaremos a técnica do collage.

De seguido, os rapaces pasarán os contos cun procesador de textos e prestarán atención e especial coidado á presentación do conto e a súa

O último paso será a encadernación, para que os nosos contos se convertan nunha realidade e perduren no centro por moito tempo.

10. AVALIACIÓN

- Le e comprende un texto narrativo: o conto.

- Identifica a información básica dun conto.

- Amplía o vocabulario.

- Comprende e aplica ben a gramática: sustantivos, verbos, adxetivos, etc.

- Coñece e aplica a ortografía: uso correcto de maiúsculas e minúsculas, signos de puntuación, etc.
- Comprende e aplica a coherencia e cohesión na redacción (secuenciación).

- Coñece e utiliza a estructura dun conto: as tres partes da historia.
- Confecciona un conto: ilustracións e encadernación.